

# ES CONSUMIDOR?

## COÑECE OS TEUS DEREITOS



### OBRADOIRO

1-3 setembro 2021  
Aula de informática  
Facultade de Dereito  
Santiago de Compostela



**Título do obradoiro:** ES CONSUMIDOR? COÑECE OS TEUS DEREITOS

**Dirección:** Mónica García Goldar

**Datas:** 1-3 setembro 2021

**Lugar:** Aula de informática, Facultade de Dereito, Santiago de Compostela.

**Nº horas lectivas:** 15

**Límite máximo de alumnos/as:** 25

**Público a quen vai dirixido:** xeral

### **Descrición xeral do obradoiro:**

O obradoiro ten por obxectivo principal informar, de maneira comprensible para calquer cidadán que non teña coñecementos xurídicos, dos principais dereitos que se recoñecen en favor dos consumidores. Evitarase no máximo posible a docencia teórico-académica e promoverase un enfoque eminentemente práctico. Por iso, o obradoiro levarase a cabo na aula de informática da Facultade de Dereito, para que cada participante poida ir familiarizándose coa búsqueda en liña da información sobre os seus dereitos e das posibles vías de reclamación.

### **Programa detallado dos contidos:**

#### **MÉRCORES 1 DE SETEMBRO DE 2021**

##### **1º Bloque (16.00-18.30): Presentación e marco teórico**

**Relator/es:** Mónica García Goldar

**Obxectivos:** Neste primeiro bloque farase unha breve presentación do obradoiro, e tamén se lle solicitará aos participantes que plantexen todas as dúbidas que lles gustaría resolver durante o transcurso do mesmo (para despois darlle traslado desas dúbidas aos relatores, por se son cuestións que afectan á materia que eles impartirán). Despois farase unha breve exposición informal de cales son as normas que establecen os dereitos dos consumidores (principalmente, o Texto Refundido da Lei Xeral para a Defensa de Consumidores e Usuarios) e cales son os grandes principios que rexen este ámbito legal. Tamén se lles pedirá aos participantes que fagan unha propia búsqueda da lei para familiarizarse con ela.

##### **2º Bloque (18.30-21.00): Normativa sectorial de consumo**

**Relator/es:** Julio González González

**Obxectivos:** Neste segundo bloque trataranse certas normativas sectoriais de consumo, pero que son de suma importancia sobre todo no momento actual, coma os viaxes combinados (que foron cancelados masivamente durante a crise sanitaria que estamos a vivir), a responsabilidade por produtos defectuosos (dos que se poden derivar danos), ou a venta a prazos de bens móbiles. As materias serán expostas de maneira práctica e interactiva.

## **XOVES 2 DE SETEMBRO DE 2021**

### **1º Bloque (16.00-18.30): Garantías dos bens e servizos**

**Relator/es:** Montserrat Rodríguez Varela e José María Pita Ponte

**Obxectivos:** A finalidade deste bloque será informar de maneira práctica aos participantes de cales son os dereitos que lles corresponden na compraventa en establecemento ou na compraventa a distancia (incluído o *e-commerce*), así como na prestación de certos servizos coma o suministro de contidos dixitais. Tamén se lles informará de cales son os remedios dos que dispoñen e de como facelos efectivos (especialmente, no Instituto Galego de Consumo e da Competencia).

### **2º Bloque (18.30-21.00): Cláusulas abusivas e prácticas comerciais desleais**

**Relator/es:** Montserrat Rodríguez Varela e José María Pita Ponte

**Obxectivos:** A finalidade deste bloque consistirá en facer saber aos participantes qué tipo de cláusulas xerais se consideran abusivas e cales son os recursos dos que dispoñen para que non lles perxudiquen. Tamén se tratará o tema das prácticas (ou omisións) comerciais desleais ou engañosas, prohibidas pola lexislación europea.

## **VENRES 3 DE SETEMBRO DE 2021**

### **1º Bloque (16.00-18.30): Dereitos dos pasaxeiros**

**Relator/es:** Mónica García Goldar

**Obxectivos:** O propósito deste bloque residirá en analizar, de xeito práctico, os principais dereitos dos pasaxeiros (con independencia de se son consumidores ou non), establecidos no Regulamento (CE) 261/2004 e tamén como se poden facer valer esos dereitos. A sesión será o máis práctica posible, solicitando aos participantes que cubran un formulario de reclamación dalgunha aerolínea e tamén familiarizándose coa AESA ou organismos similares de outros países.

### **2º Bloque (18.30-21.00): Experiencia práctica e resolución de posibles dúbidas**

**Relator/es:** Rubén Aguilar Bello e Mónica García Goldar

**Obxectivos:** A finalidade deste último bloque residirá en insistir e recapitular sobre os dereitos dos consumidores que foron vistos, así como en dar resposta a posibles cuestións que todavía estean por resolver. Tamén se pretende dar a coñecer a perspectiva que poida ter un avogado en cuestións legais e procedimentais que afectan a consumidores. Por último, farase unha avaliación final do obradoiro.

## **Relación de relatores (por orde de participación):**

### **Directora e relatora: Mónica García Goldar**

Doutora en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela (ano 2018). Dende outubro de 2019 é beneficiaria dunha bolsa de axudas a contratos posdoutorais da Xunta, para levar a cabo unha investigación no marco do Proxecto “Nuevos desafíos del Derecho de consumo en la era digital”. Con motivo dese proxecto de investigación, publicou e ten varios traballos pendentes de publicación na materia, especialmente no relativo ás novas Directivas (UE) 2019/770 e 2019/771, todavía pendentes de transposición.

### **Relator: Julio González González**

Licenciado en Dereito e avogado adscrito ao Ilustre Colexio de Avogados de Lugo desde 1995 ata a actualidade. É secretario da asociación de consumidores FACUA dende decembro de 2020. Ademais, imparte una clase anual dende 2011 na Facultade de Ciencias do Campus de Ourense sobre os dereitos dos consumidores.

### **Relatora: Montserrat Rodríguez Varela**

Licenciada en Dereito pola USC, con Título Propio Universitario de “Especialización en abogacía, procuradoría e práctica xurídica” e Certificado de aptitude profesional (CAP) que outorga o Consejo General de la Abogacía Española e o Consello da Abogacía Galega. Foi técnica de consumo entre os anos 2005 a 2009. Inspectora de consumo dende o 2009 a 2018. Actualmente, é directora técnica da Escola Galega de Consumo dende 2019.

### **Relator: José María Pita Ponte**

Licenciado en Dereito e Ciencias Políticas e diplomado pola Escola de Práctica Xurídica (USC). Foi xefe de Servizo de Protección ao consumidor e secretario da Xunta Arbitral de Consumo de Galicia dende 1999 a 2005. Na actualidade volve a ostentar os dous cargos (dende 2009). É representante das CCAA na Comisión de Cláusulas abusivas do Ministerio de consumo e participou como redactor en 4 leis de consumo nacionais e autonómicas.

### **Relator: Rubén Aguilar Bello**

Licenciado en Dereito pola USC no ano 2011. Realizou a Escola de Práctica Xurídica en 2012 no Colexio de Avogados de Bajadoz. É avogado exercente dende o 2012, levando numerosos asuntos sobre dereito civil e consumo; en especial, sobre condicións xerais da contratación en contratos de seguros e bancarios.